

FEIRA GALEGA DAS
ARTES ESCÉNICAS, 2008

DO 13 AO 17 OUTUBRO
santiago de compostela

DO 13 AO 17 OUTUBRO ARTES ESCÉNICAS



ARTES ESCÉNICAS 2008

FEIRA GALEGA DAS

santiago de compostela
DO 13 AO 17 OUTUBRO

XUNTA DE GALICIA

DO 13 AO 17 OUTUBRO
ARTES



FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS, 2008

Organiza

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

feiradasarteseescenicas.com agadic.info

Coordinación Feira

María Paredes

Coordinación compañías

Mónica Santos

Coordinación programadores

Marta Sacau

Coordinación técnica

Francisco Veiga

Publicacións

Marcelina Calvo Alberto Santamaría

Comunicación

Ana Rosales Ana Miragaya

Deseño e produción gráfica

Uqui IIIII Cebra

Web

Acordar

D.L.: C 3467-2008



Colaboran:



Un ano máis, a Feira Galega das Artes Escénicas convértese no espazo referente de xuntanza e traballo para os xestores culturais, as compañías e o resto de axentes do mundo da danza e do teatro do noso país. En cinco intensas xornadas, os profesionais da escena galega empregarán a Feira como escaparate privilexiado para dar a coñecer as súas propostas artísticas aos programadores e distribuidores de Galicia e do resto do Estado e Portugal, co obxectivo de, a través deles, achegar aos públicos as creacións das nosas e dos nosos creadores teatrais.


A traxectoria das artes escénicas galegas estivo marcada sempre polo seu vínculo estreito ao proxecto social, cultural e político dunha Galicia que aspira a vivir no seu idioma propio, a convivir en harmonía co resto de culturas do mundo e, a través da súa propia identidade, achegar un discurso cultural propio ao contexto da multiculturalidade que compartimos e vivimos. A constancia e o compromiso dos nosos homes e mulleres da escena para coa creación artística e o desenvolvemento da nosa identidade cultural debe ser recoñecido e entendido como un valor desde o que seguir construíndo o camiño do noso teatro e danza. Así o fixo sempre esta Consellaría, e así o queremos facer de novo.

É este un momento positivo, de ilusión, de construción compartida. Os axentes públicos e privados do noso sistema teatral teceron nos últimos meses un clima de cooperación e de confianza que racha coa desarticulación do sector e propicia un planeamento estratéxico cara a un horizonte colectivamente ansiado: unhas artes escénicas con protagonismo e presenza social. Ese camiño xa encetado baixo o nome de Plan Galego das Artes Escénicas mostra a vontade feliz de comezar en común unha nova época, na que a rica e diversa realidade dun teatro profesional galego con xa trinta anos de historia coñeza a súa consolidación e fortalecemento definitivo. Para iso, sabémolo ben, será preciso afondar na dimensión social do teatro e da danza, na búsqueda da excelencia artística e, moi nomeadamente, na relación estábel cos públicos.

Estamos certos de que esta edición da Feira Galega das Artes Escénicas –que organizativamente avanza e consolida a liña de traballo iniciada o ano pasado ao tempo que introduce algunhas novidades salientábeis: programa de bonificacións, comunidade convidada e outras– propiciará a articulación dun espazo de auténtico mercado, cumprindo de forma acaída o que dela se agarda: mostrar unha parte importante da produción escénica galega aos programadores galegos, españois e portugueses que nela participen.

Ánxela Bugallo

Conselleira de Cultura e Deporte



1. Auditorio de Galicia | Avenida do Burgo das Nacións s/n

2. ARTERIA Noroeste-SGAE | Finca Vista Alegre | Rúa Salvadas s/n

3. Sala Nasa | Cabo San Lourenzo 51-53

4. Teatro Galán | Rúa Gómez Ulla 7

5. Salón Teatro | Rúa Nova 34

6. Teatro Principal | Rúa Nova 21

7. Hotel NH Obradoiro | Avenida do Burgo das Nacións s/n

8. Hotel Hesperia Gelmírez | Rúa Hórreo 92

9. Sala Capitol | Rúa Concepción Arenal 5

horario	Luns 13	Martes 14	Mércores 15	Xoves 16	Venres 17
10 h			Mesa de traballo “Recursos para a danza” (10-14 h) Auditorio de Galicia Sala Circular	Encontros COFAE-distribuidores Auditorio de Galicia Sala Circular	
10.30 h		Trigo Limpo Teatro do Acert / <i>Andar nas nuvens</i> (50') Infantil Auditorio de Galicia Sala Mozart	Berrobambán <i>Boas noites</i> (75') Familiar Auditorio de Galicia Sala Mozart	Marie de Jongh <i>¿Por qué lloras, Marie?</i> (55') Infantil Auditorio de Galicia Sala Mozart	caChuzo <i>Game Over</i> (60') Infantil Auditorio de Galicia Sala Mozart
11 h	Apertura da Feira	Comunicación galardoadaos premios Álvaro Cunqueiro, Manuel María e Barriga Verde 2008			
	Auditorio de Galicia Sala Circular				
12 h		Alexis Fernández e Caterina Varela / <i>Ven</i> (15') Showcase de danza Adro ARTeria Noroeste-SGAE	Anuska Alonso <i>5.00 a.m.</i> (15') Showcase de danza Adro ARTeria Noroeste-SGAE	Carlota Pérez e Pablo Rdgz. / <i>Mejor solos que mal acompañados</i> (15') Showcase de danza Adro ARTeria Noroeste-SGAE	Nova Galega de Danza <i>Tradición</i> (80') Danza Auditorio de Galicia Sala Ángel Brage
12.30 h		Galitoon <i>Babiliglub</i> (35') Infantil ARTeria Noroeste-SGAE	Artello Teatro alla scala 1:5 / <i>Polgariño</i> (50') Infantil ARTeria Noroeste-SGAE	Titeres Cachirulo <i>Típico tópico</i> (55') Infantil ARTeria Noroeste-SGAE	
13.30 h 15.30 h	Xantar: Restaurante Auditorio de Galicia				
16 h	Teatro Galileo <i>Náufragos</i> (90') Auditorio de Galicia Sala Mozart	Mesa de debate “Creación de públicos” Auditorio de Galicia Sala Circular	Mesa de debate “Danza a escena” Auditorio de Galicia Sala Circular	Os Monicreques de Kukus <i>7 contos capitais</i> (60') Sala Nasa	Katarsis, Educación- Teatro / <i>Pacama</i> (30') Infantil ARTeria Noroeste-SGAE
16.40 h					16.40 h Javier Martín <i>Días pimienta</i> (15') Showcase de danza Adro ARTeria Noroeste-SGAE
18 h	Peripecia Teatro <i>Novecentos.</i> <i>O pianista do océano</i> (90') Teatro Galán			BStudio Danza <i>Sono silente</i> (50') Danza Teatro Galán	17.30 h Teatro do Morcego <i>O club da calceta</i> (100') Sala Nasa
19 h		PT Excéntricas <i>No coment (Obra)</i> (90') Auditorio de Galicia Sala Mozart	Voadora <i>PeriFeria</i> (75') Sala Nasa		
20 h	Teatro do Noroeste <i>Extrarradios</i> (90') Teatro Principal			20.30 h Sarabela Teatro <i>Dáme veneno</i> (90') Teatro Principal	20 h Teatro de Ningures <i>Bailadela da morte ditosa</i> (100') Salón Teatro
21 h		Kukai-Tanttaka <i>Hnuy illa...</i> (55') Danza Teatro Principal	Talía Teatro <i>E ti, quen vés sendo?</i> (83') Teatro Principal		
23.30 h	Matarile Teatro <i>Animales artificiales</i> (100') Salón Teatro	Companhia do Chapiô <i>Drákula</i> (90') Salón Teatro	Teatro do Atlántico <i>Unha primavera para Aldara</i> (120') Salón Teatro	Lagarta lagarta <i>Aeroplanos</i> (85') Salón Teatro	22.30 h Teatro Oficina <i>O Silenciador</i> (75') Teatro Galán 00.00 h La sonora callejera Sala Capitol Festa-concerto fin de Feira

O noso agradecemento

A Artur Trillo, polos seus valiosos consellos.

A Paulo Rodríguez, por facilitarnos en todo momento o traballo.

A Carmen Castro, Camilo Franco e Roberto Taboada,
membros da comisión de selección.

Aos xestores e persoal técnico dos espazos escénicos.

Aos programadores, festivais, entidades e prensa asistente,
así como aos relatores das mesas de debate.

Ás compañías: Artello Alla Scala 1:5, Berrobambán, caChuzo, Galitooon Productions, Katarsis, Marie de Jongh, Títeres Cachirulo, Trigo Limpo Teatro do Acert, Compañía do Chapitô, Lagarta lagarta, Matarile Teatro, Ningures Producións, Os Monicreques de Kukas, Peripécia, PT Excéntricas, Sarabela Teatro, Talía Teatro, Teatro do Atlántico, Teatro do Morcego, Teatro do Noroeste, Teatro Galileo, Voadora, BStudio Danza, Kukai Tanttaka, Nova Galega de Danza, La sonora callejera, Entremáns, Anuska Alonso, Javier Martín, Carlota Pérez e Teatro Oficina.

Ás empresas: Uqui Cebra, Trevisani, PC&Telecos, Viajes Trotta, eme2 emoción&arte, Acordar, Kachet Loxística, Nortempo, Hotel NH Obradoiro, Hotel Hesperia Gelmírez, Cafetería Restaurante Dado Dadá Auditorio de Galicia, Ultramarinos.

Aos colexios que levaron os seus alumnos
a participaren da escena galega.

Ao Goberno Vasco.

*E todo o respecto e cariño a Rubén García,
director da Feira durante moitos anos.*

ZONA DE MERCADO E CONTRATACIÓN

ACTIVIDADES PARALELAS

Auditorio de Galicia
10-13.30 h e 15.30-18 h (venres, 10-13.30 h)

Mesas de debate

Creación de públicos
Danza a escena

Mesa de traballo

Recursos para a danza

Encontros

COFAE-Distribuidores

Showcase danza

Alexis Fernández e Caterina Varela *Ven*
Anuska Alonso *5.00 a.m.*
Carlota Pérez e Pablo Rodríguez *Mejor solos que mal acompañados*
Javier Martín *Días pimienta*

Peché Feira

Teatro Oficina *O silenciador*

ESPECTÁCULOS

Teatro Galileo *Náufragos*
Peripécia Teatro *Novecentos. O pianista do océano*
Teatro do Noroeste *Extrarradios*
Matarile Teatro *Animales artificiales*
Trigo Limpo Teatro do Acert *Andar nas nuvens*
Galitoon Productions *Babiliglub*
PT Excéntricas *No coment (Obra)*
Kukai-Tanttaka *Hnuy illa...*
Companhia do Chapitô *Drákula*
Berrobambán *Boas noites*
Artello Teatro alla scala 1:5 *Polgariño*
Voadora *PeriFeria*
Talía Teatro *E ti, quen vés sendo?*
Teatro do Atlántico *Unha primavera para Aldara*
Marie de Jongh *¿Por qué lloras, Marie?*
Títeres Cachirulo *Típico tópico*
Os Monicreques de Kukas *7 contos capitais*
BStudio Danza *Sono silente*
Sarabela Teatro *Dáme veneno*
Lagarta lagarta *Aeroplanos*
caChuzo *Game Over*
Nova Galega de Danza *Tradicción*
Katarsis, Educación-Teatro *Pacama*
Teatro do Morcego *O club da calceta*
Teatro de Ningures *Bailadela da morte ditosa*

Zona de mercado e contratación

AUDITORIO DE GALICIA

10-13.30 H E 15.30-18 H (VENRES, 10-13.30 H)

■ Oficina de coordinación da Feira

Tel.: 626 677 517

981 577 126 (ext. 103)

www.agadic.info/feira

- 1 Kukas Producións Artísticas SL
Os Monicreques de Kukas
- 2 Cabaré 3 Producións
(Compañía Femme Fatale)
- 3 Títeres Cachirulo
- 4 Pistacatro
- 5 Euskal Eszena / Escena Vasca
- 6 caChuzo
- 7 Talía Teatro
- 8 Espello Cóncavo Teatro

- 9 Teatro do Morcego

- 10 Artesán Teatro

- 11 Caramuxo Teatro

- 12 Escena Galega

- 13 Federación de Libreiros
de Galicia | Ler Librerías

- 14 Teatro Galileo

- 15 Asociación Magos
Profesionais de Galicia (MPG)

- 16 eme2 emoción&arte

Mesas de debate abertas aos asistentes á Feira

MARTES 14 | 16 H

AUDITORIO DE GALICIA (SALA CIRCULAR)

Creación de públicos

Relatores:

Grego Navarro de Luis

Licenciada en Estudos Europeos pola Universidade de North London, Inglaterra.

Máster en Xestión Cultural Europea na Universidade de Warwick, especializándose na xestión de públicos.

Zé Rui

Director artístico do Trigo Limpo Teatro Acert, Tondela (Portugal)

Agustín Lorenzo

Programador do Teatro Rosalía Castro da Coruña.

Miguel Varela Gorgojo *(O abecedario do programador)*

Programador do Teatro Bergidum de Ponferrada.

Moderador:

Miguel Alfaya

Programador do Auditorio Municipal de Tui (Pontevedra).

MÉRCORES 15 | 16 H

AUDITORIO DE GALICIA (SALA CIRCULAR)

Danza a escena

Relatores:

Esther Vendrell (*Cuando la danza entra en escena*)

Licenciada en Historia da Arte e titulada superior en Danza Contemporánea polo Instituto do Teatro de Barcelona. Compaxina a súa tarefa pedagóxica no ámbito teórico e práctico da danza con proxectos de investigación e publicacións así como proxectos puntuais de xestión.

Gonzalo Centeno

Programador do Teatro de Barakaldo (Euscadi)

Paulo Rodríguez

Director- Xerente do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela)

Moderadora:

Ana Barba Pazos

Programadora do Auditorio das Pontes (A Coruña)

Mesa de traballo

MÉRCORES 15 | DE 10 A 14 H

AUDITORIO DE GALICIA (SALA CIRCULAR)

Recursos para a danza

(destinada a profesionais e/ou compañías de danza e das artes do movemento de Galicia)

Relatores:

Tracy Sirés Neal

Dirección e xestión. Asociación de Profesionais da danza de Cataluña

Roberto Taboada

Coordinador do Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo

David Márquez

Presidente da Asociación de compañías profesionais de danza de Cataluña

Encontros COFAE-Distribuidores

XOVES 16 | 10 H

AUDITORIO DE GALICIA (SALA CIRCULAR)

Showcase Danza

Adro de ARTeria Noroeste-SGAE



MARTES 14 | 12 H

ALEXIS FERNÁNDEZ E CATERINA VARELA

Ven

Dirección coreográfica: Alexis Fernández e Caterina Varela

Intérpretes: Alexis Fernández e Caterina Varela

Música: Collage

Duración: 15 minutos

artestudio-danzayteatro@mundo-r.com

Ven,
ven aquí.
Non,
ven ti.



MÉRCORES 15 | 12 H

ANUSKA ALONSO

5.00 a.m.

Dirección coreográfica: Anuska Alonso

Intérprete: Anuska Alonso

Música: varios

Duración: 15 minutos



XOVES 16 | 12 H

CARLOTA PÉREZ E PABLO RODRÍGUEZ

Mejor solos que mal acompañados


Dirección coreográfica e texto: Carlota Pérez

Intérpretes: Carlota Pérez, Pablo Rodríguez (guitarra)

Dramaturxia: Carlos Vizcaíno

Duración: 15 minutos

“Dicen que cuando pierdes la memoria, pierdes las ganas de amar. Y yo no sé si quiero perder la memoria”



VENRES 17 | 16.40 H

JAVIER MARTÍN

nO, nO, nO... El dOlOr
es míO y puedO dispOner
de él.

CuandO el dOlOr ataca
puede unO curar mejOr
una serie de cOsas...

QuierO pensar cOn
claridad; quierO verlO
tOdO sentirLO tOdO y
entOnces... entOnces nO
me impOrtará irme...
Días pimienta.


Dirección coreográfica: Javier Martín

Intérpretes: Javier Martín

Música: Javier Martín

Duración: 15 minutos

www.javiermartín.com



SILENCIADOR

DE
JACINTO
LUCAS
PIRES

O silenciador

VENRES 17 | 22.30 H | TEATRO GALÁN

Autor: Jacinto Lucas Pires | Dirección: Marcos Barbosa

Intérpretes: Diana Sá, Emílio Gomes e Ivo Bastos

Escenografía e figurinos: Sara Amado

Iluminación: Pedro Carvalho | Son e música: Sérgio Delgado

Produción executiva: Teatro Oficina | Duración: 75 min.

Dous detectives, que son case como irmáns, viven o día a día de funcionarios nunha especie de estado policial do futuro. Un lugar moi “posmoderno”, “prefabricado”, “portugués-suave”. Hai un crime no seo da elite, o asasinato dun home importante, un “personaxe”. E aí, *bang-bang!*, comezan as preguntas. Quen é o morto exactamente? É o empresario público que os xornais describen en noticias breves, nas páxinas da sociedade? Ou alguén máis perigoso? Un “axente comunicador”? Un superaxente do márketing? Un espía interno dobre? Nun tempo que evoca os anos cincuenta do cine negro e o futuro dalgunha ficción científica, xente arredor dun misterio. Dous homes nunha oficina a traballar e, de repente, unha muller, unha estranxeira que fala doutra maneira a lingua oficial do estado. Unha incapacidade, un indicio ou un truco? (A palabra como lugar último da resistencia e da subversión?). Unha peza de teatro onde se xoga cos diferentes elementos típicos das historias policiais. Pouca luz, diálogos curtos, moito efectismo, chapeus, cigarros. O misterio pódese resolver a través da linguaxe?

TEATRO OFICINA (Portugal)

00 351 253 424 700 | geral@aoficina.pt

Creado en 1994, Teatro Oficina é o centro de creación teatral de A Oficina, unha Cooperativa de Interese Público de Responsabilidade Limitada, fundada en 1989 por iniciativa da Cámara Municipal de Guimarães, que, actualmente, é responsable da xestión do Centro Cultural Vila Flor.

O Teatro Oficina foi constituído co obxectivo de crear unha estrutura de teatro que desenvolvese a súa acción de cara a combater as asimetrías rexionais, proporcionándolles aos cidadáns da zona espazos de formación e acción cultural na área do teatro.

Actualmente, baixo a dirección artística de Marcos Barbosa, a actividade de Teatro Oficina consiste na presentación dun novo repertorio por temporada, constituído por espectáculos concibidos a partir de textos da dramaturxia contemporánea. Os espectáculos queren ser orixinais e significativos, implicando a poboación e os axentes culturais da cidade na produción teatral, e participando activamente nos debates culturais do mundo contemporáneo.

ESPEC



TÁCULOS



Náufragos



TEATRO GALILEO

Autor: André Roussin | Dirección: Pedro Rubín

Adaptación: Francisco Pillado | Escenografía: Rodrigo Roel

Iluminación: Eduardo Alonso | Vestuario: Sonia Pinaque

Música: Raúl Varo

Elenco: César Cambeiro, Ana Santos, Paco Campos, Raúl Varo

Náufragos é un espectáculo con gran traxectoria internacional (Londres, Broadway, París, Bruxelas...).

Náufragos é un espectáculo sobre as relacións de parella nunha illa paradisíaca logo dun naufraxio.

Náufragos é un espectáculo de amizade, sinceridade, amor e liberdade individual.

Náufragos é unha comedia onde o autor nos amosa a realidade actual das relacións sentimentais.

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos

LUNS 13 | 16 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)



TEATRO GALILEO

Tel.: 981 622 943 / 608 981 773

galileo@teatrogalileo.es

www.teatrogalileo.es

Teatro Galileo comezou a súa andaina en 1991, e desde aquela realizou 18 espectáculos con especial atención aos clásicos, dirixidos por Pedro Rubín. Entre as súas montaxes destacan *A esperar por Godot*, de Beckett, ou *Caprichos de Cervantes* e obras de Molière, Goldoni...

Novecentos. O Pianista do Océano

PERIPECIA TEATRO (Portugal)

Autor: baseado no texto *Novecentos*, de Alessandro Baricco

Dirección: Noelia Domínguez

Creación, adaptación e dramaturxia: Peripécia Teatro,
José Carlos García

Espazo escénico e atrezos: Zétavares

Iluminación: Paulo Neto

Vestuario: Noelia Domínguez, Peripécia Teatro

Música: Luis Filipe Santos, Tiago Abrantes

Elenco: Sérgio Agostinho, Ángel Fragua, Luis Filipe Santos,
Tiago Abrantes

Novecentos é o nome do pianista excepcional que nunca saíu do Virginia, o navío que percorría a principios do século XX as rutas de emigrantes e millonarios entre Europa e América.

A través dun texto escrito cunha linguaxe sinxela pero atraente, son abordadas cuestións como a amizade, a beleza e o poder da imaxinación, reflectíndose sobre o noso mundo desde unha perspectiva moi propia e sorprendente. Humor e poesía envoltos pola música en directo.

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos

LUNS 13 | 18 H | TEATRO GALÁN



PERIPECIA TEATRO (Portugal)

Tel.: 948 225 032 / 00 351 259 342 459 / 00 351 961 203 332

peripecia@peripeciateatro.com

www.peripeciateatro.com

Peripecia Teatro é unha compañía creada en 2004 por dous actores españois (Noelia Domínguez e Ángel Fragua) e un portugués (Sérgio Agostinho).

Propón a creación de espectáculos orixinais sustentados nun traballo de gran disciplina e rigor ao nivel da interpretación do actor que, á par dos textos, desenvolve unha intensa compoñente física e visual, intentando alcanzar unha linguaxe escénica atraente e universal.



Extrarradios

(Comedia das mulleres
desamparadas)

TEATRO DO NOROESTE

Autor: Eduardo Alonso | Dirección: Eduardo Alonso
Escenografía: Equipo Taetro | Son: Teatro do Noroeste
Iluminación: Eduardo Alonso | Vestuario: Equipo Taetro
Música: Selección de Brais Morán
Elenco: Luma Gómez, Victoria Pérez

Comedia urbana, aínda que marxinal, sobre o frutífero encontro de dúas mulleres singulares: unha mendiga chegada ao punto de maior degradación e unha puta de estrada barata e acabada, que disputan o seu espazo vital, a parada abandonada do bus 108. Nos límites imprecisos da cidade, e posiblemente tamén da realidade, móvense estes personaxes que, a pesar da súa lateralidade, manteñen o seu dereito a seren felices. Se cadra, todo podería acontecer doutro xeito, pero elas asumen cunha dignidade túzara a parte que lles tocou vivir. A casualidade fai que Raquel, a puta de estrada, e a mendiga se atopen. Transitan uns espazos onde o encontro era posible e, unha vez que este se dá, acontece como nesas asociacións interesadas de animais de distinta natureza que, complementándose, conviven.

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos
LUNS 13 | 20 H | TEATRO PRINCIPAL



TEATRO DO NOROESTE

Tel.: 981 568 974 / 629 814 297

correo@teatrodonoroeste.com

www.teatrodonoroeste.com



Compañía creada por Luma Gómez e Eduardo Alonso, profesionais cunha dilatada experiencia teatral, que comezou a súa actividade en 1987. *Ensaio* (2004), de Eduardo Alonso, *A tixola polo mango* (*Muller, non é para tanto*) (2005), de Lola Correa, *Confesión* (2005), de Eduardo Alonso, *A casa do pai* (2005), de Carlos Álvarez-Ossorio, *Imperial: café cantante. Vigo 1936* (2006), de Eduardo Alonso, *Romeo e Xulieta* (2007), de William Shakespeare, e *Extrarradios* (*Comedia das mulleres desamparadas*) (2008), de Eduardo Alonso, son os últimos espectáculos producidos pola compañía.

Animales artificiales

MATARILE TEATRO

Creación e dirección: Ana Vallés | Textos: Ana Vallés

Outros textos: Mark L. Knapp, Enric González, Helen Bertels, José Campanari, Mónica García, Mauricio González, Iván Marcos, Ricardo Santana

Escenografía: Baltasar Patiño | Son: Baltasar Patiño

Iluminación: Baltasar Patiño | Fotografía: Jacobo Bugarín

Vestuario: Matarile Teatro | Xastra: Clotilde Vaello

Producción musical: Baltasar Patiño

Música: Bach, Klezmorín, Falla, Purcell, Saint-Saëns, Vivaldi, Paul Anka | Arranxos: André Cebrián

Distribución e produción: Laura Sánchez

Elenco: Helen Bertels, José Campanari, Mónica García, Mauricio González, Iván Marcos, Ricardo Santana, Ana Vallés, Hugo Portas, Ramón Vázquez

“Hai xente que ten a capacidade de imaxinarse coma outra persoa e hai xente que non a ten (cando esa carencia é extrema, chamámoslles psicópatas). E hai xente que ten esa capacidade pero decide non poñela en práctica”.

Coetxee: *Elizabeth Costello*

Sobre a empatía e o equilibrio entre o que queda do noso animal e os mundos artificiais que habitamos. Por un lado, somos seres máis ou menos sensibles e a miúdo expresámolo espontaneamente. Mesmo chegamos a comportarnos como brutos.

— Está ben, oe, son diversas expresións do ser humano.

Hai que respectalas todas.

>>>



FOTOGRAFÍA: JACOBO BUGARÍN

A paixón encántanos, e levamos por diante a quen sexa preciso. Somos uns inconscientes.

— Que lle imos facer!

E, por outro lado, neste espazo compartido que inventamos non nos queda outra que cumprir as putas normas desde que nos erguemos ata que nos deitamos. Ou quedamos fóra. Co que fomos perfeccionando unha grande habilidade para agochar a verdade.

— Menos destruír e máis construír. Todo o gabamos ou o desprezamos.

Somos bichos raros. Estamos afeitos a observar. A nosa mirada atenta fíxonos hábiles para o disimulo, para a transformación, para a representación. E tamén para poñernos no lugar do outro, para meternos nos seus zapatos.

— Non fales se non sabes o que dis. Infórmate ben antes de falar.

Ana Vallés

Adulto | Teatro de actor | 100 minutos

LUNS 13 | 23.30 H | SALÓN TEATRO



MATARILE TEATRO

Tel.: 981 585 166

matarileteatro@mundo-r.com

www.matarileteatro.com

Desde aquel 1986 en que a autora e directora teatral Ana Vallés e Baltasar Patiño xunguiron a súa creatividade para fundar Matarile Teatro, e ata hoxe en día, esta compañía é unha das máis veteranas e imprescindibles no panorama teatral galego. Leva realizado máis de vinte espectáculos de éxito que son a súa mellor carta de presentación. Producións amplamente galardoadas que teñen paseado, incluso, internacionalmente: *Truenos & misterios* (2007). *Historia natural (eloxio do entusiasmo)* (2005). *Pie izquierdo*, de Ana Vallés e Carmen Werner, coproducido con Provisional Danza (2005). *Acto seguido* (2003). *Sin sombra de duda* (2002). *Quen te quere, quen te chama*, creado para o festival internacional En Pé de Pedra (2002). *A brazo partido* (2001). *Primeiro movemento: para figuras brancas* (2000). *The Queen is dead* (1999). *Teatro para camaleóns* (1998). *Strangers in the night*, creado para o festival internacional En Pé de Pedra (1998). *12rounds* (1997). *Negro é negro* (1996). *Zeppelin Nº 7* (1996). *Mvseo* (1995). *La casa en primer plano*, coproducido con Provisional Danza (1994). *31 Proposta adaptable a espazos non teatrais* (1994). *Café de noite*, coproducido con Provisional Danza (1993). *Deriva* (1993). *Café acústico* (1992). *Andante* (1991). *Hamletmaschine*, de Heiner Müller (1989). *O cumpreanos da infanta*, de Oscar Wilde (1986).

Andar nas nuvens



TRIGO LIMPO TEATRO DO ACERT (Portugal)

Texto e escenografía: José Rui Martins

Adaptación libre a partir dun conto de Mario Lamo Jiménez

Un viaje al país de las nubes

Poemas: Fernando Pessoa, José Rui Martins

Música: Fran Pérez

Storyboard: José Rui Martins, Zétavares, Zito Marques

Construción de marionetas e apoio á manipulación:

Teatro e Marionetas de Mandrágora, Clara Ribeiro,
enVide neFelibata, Filipa Alexandre, José Carlos Machado

Deseño de luz: Luís Viegas, Paulo Neto | Son: Cajó Viegas

Elenco: José Rosa, Raquel Costa, Ruy Malheiro, Sandra Santos

Neste mundo fantástico, un poético xogo de palabras dá pé á creación de atmosferas (im)posibles, poñendo a descuberto a importancia do soño como xornada imaxinativa sen límites.

Unha área teatral xa explorada por Trigo Limpo no ámbito doutros proxectos, pero que aquí se alía a un esforzo de animación, vídeo e de produción musical e poética, ben como a prácticas de teatro de sombras, representando unha aposta interpretativa e técnica extremadamente atractiva para a compañía.

O conto do autor colombiano Mario Lamo Jiménez transformouse nun texto teatral inédito repleto de novos desafíos creativos. Dirixido sobre todo aos máis pequenos, este traballo incide nun universo dramaturxico e de experimentalismo recomendado... para todas as idades.

Maiores de 4 anos | Teatro de monicreques | 50 minutos
MARTES 14 | 10.30 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)





TRIGO LIMPO TEATRO DO ACERT (Portugal)

Tel.: 00 351 232 814 400

www.acert.pt/trigolimpo

Desde a súa formación en 1976, a compañía portuguesa Trigo Limpo Teatro Acert veuse afirmando como unha compañía teatral centrada na procura de interaccións entre as distintas linguaxes artísticas e do espectáculo, como forma de potenciar unha intervención teatral experimental, consecuente, creativa e socialmente integrada nunha intervención cultural comunitaria.

Trigo Limpo Teatro Acert, ademais de representar textos dramáticos de autor, estreou máis dunha decena de textos teatrais propios, incidindo a maior parte deles na adaptación teatral de textos de autores contemporáneos (Herman Hesse, Ilse Losa, Isabel Allende, José Gomes-Ferreira, Lobo Antunes, Mia Couto, Santos Fernando, entre outros), así como orixinais creados especificamente para a compañía.

Babiliglub

GALITOON PRODUCTIONS

Autora: Andrea Bayer | Dirección: Andrea Bayer

Adaptación: Andrea Bayer | Escenografía: Galitoon

Diseño de son: Galitoon | Iluminación: Galitoon

Música: Elena Paz, Xosé Liz

Elenco: Óscar Ferreira, Rogelio Lema, Xurxo Cortázar

Sería posible contar unha historia con catro palabras? Unha pregunta que soa a reto para o valente protagonista desta historia, un peixiño que só sabe dicir Miau!

Un Miau! que provoca unha desafortunada resposta por parte da fauna mariña composta por peixes multicolores e un polbo que só acertan a dicir “non!”.

Un “non!” lóxico nun universo mariño onde o *guay*, o propio e “politicamente correcto” é dicir “glub!”.

Que ten que suceder en Babiliglub, unha obra de monicreques en luz negra que nada nun mar de música, movemento e cor para que se poida proferir o ansiado “sí” que o espectador agarda? Xa o verás.

Miau!, non!, glub!, sí!, catro palabras. Un discurso pola tolerancia e a aceptación da diferenza.



Infantil, de 1 a 3 anos | Teatro de monicreques | 35 minutos

MARTES 14 | 12.30 H | ARTERIA NOROESTE-SGAE

GALITOON PRODUCTIONS

Tel.: 981 819 024 / 653 386 080

chisco@galitoon.com

www.galitoon.com

Galitoon é unha produtora galega establecida en Santiago de Compostela desde o ano 2005.

A pesar de ser unha compañía nova, avalan aos seus compoñentes unha ampla traxectoria, con máis de 15 anos de experiencia tanto en programas de televisión e cine como de teatro.

Galitoon está directamente ligada ao mundo da animación de monicreques (muppets, body-poppets, botargas...), escenografías, maquetas, así como de performances e técnicas de movementos audiovisuais e teatrais. Galitoon ten unha dilatada experiencia na docencia infantil e xuvenil, o que lle permite ofrecer un produto creativo, educativo e de entretemento, apostando sempre por uns contidos educativos, divertidos e visualmente fantásticos que axuden a recuperar algo que xulgan se foi perdendo: aprender xogando, divertirse aprendendo, ao mesmo tempo que se transmiten valores éticos que promoven o respecto, a tolerancia e a solidariedade.

O primeiro espectáculo da compañía, *Golulá*, estreado no ano 2007, foi galardoado co Premio ao Mellor Espectáculo Infantil na Feira de Teatro de Ciudad Rodrigo 2007 e co espectáculo mellor valorado polos nenos na IX programación dos "Domingos do Principal" de Pontevedra 2008.



No coment (Obra)

PT EXCÉNTRICAS

Autor: Quico Cadaval | Dirección: Quico Cadaval

Axudante de dirección: Xan Cejudo

Espazo escénico: Baltasar Patiño

Deseño de son: Piti Sanz | Iluminación: Baltasar Patiño

Elenco: Marcos Orsi, Víctor Mosqueira, Borja Fernández

Obra é o título do espectáculo que se estrea en 2008 dentro do *No coment project*, unha triloxía en que os membros de Excéntricas queren explorar formas teatrais mestizas e fronteirizas, nas cales convivan e choquen diversas formas teatrais de facer comedia que normalmente non se mesturan.

A obra 'en construción' foi o espazo escollido para facer vivir os personaxes. Procedentes de distintas culturas, encóntranse os protagonistas (operarios da construción civil) nun dos andares máis altos dun rañaceo. Están máis preto do ceo que da terra. O barullo da maquinaria e o intenso vento fan que estes obreiros teñan unha rica vida interior. A inutilidade de falar fai que a expresión dos protagonistas se aproxime ao cinema mudo e á pantomima. Choques e *slasticks* desenvólvense a decenas de metros do chan e a comedia vese inquietada sempre polo perigo latente. A saudade da terra, a falla de amor, os gustos gastronómicos, as modas en arquitectura, os deportes, o medo á morte accidental, a vocación profesional, o mito sexual da clase operaria, os delicados gustos cinematográficos, a poética do espazo dos peóns de obra e outras insospeitadas calidades espirituais dos traballadores manuais serán os temas desta *Obra* construída a base de comedia visual e monólogos interiores.

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos

MARTES 14 | 19 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)





PT EXCÉNTRICAS

Tel.: 981 534 134 / 679 449 970

emedous@emedous.com

www.emedous.com

Produccións Teatrais Excéntricas SL é a actual forma legal dun equipo artístico que vén traballando unido desde 1993 ao redor da marca artística Mofa e Befá e que conformaron inicialmente Víctor Mosqueira, Evaristo Calvo, Quico Cadaval e Piti Sanz.

Produccións Teatrais Excéntricas é a estrutura empresarial que mellor se acomoda á expansión das actividades artísticas do equipo. Desde Produccións Teatrais Excéntricas os membros do proxecto Mofa e Befá centralizan as súas actividades de teatro, cinema, televisión, música, bandas sonoras, pedagogía, publicidade, narración oral, eventos culturais e publicitarios, colaboración con institucións públicas e corporacións privadas, e un, cada vez máis, amplo equipo de creativos no territorio da dramaturxia, deseño de espectáculos, gabinete de guionistas e invención publicitaria.



Hnuy illa...

KUKAI-TANTTAKA (Euscadi)

Autora: Mireia Gabilondo | Dirección: Jon Maya

Escenografía: David Bernués (imaxes)

Iluminación: Xabier Lozano | Vestuario: Ana Turrillas

Música: Iñaki Salvador

Intérpretes: Vanesa Castaño, Eneko Gil, Ibon Huarte, Jon Maya, Alain Maya, Urko Mitxelena, Nerea Vesga

Espectáculo de danza baseado na poesía de Joseba Sarrionandía, nalgúns poemas recollidos do seu libro *Hnuy illa nyha majah Yahoo* ("cóidate sempre moito, meu querido Yahoo"). Versos suxestivos e narrativos que se recitan, se cantan ou se intúen. Un emocionante percorrido polos motivos do poeta: amor, erotismo, desamor, cárcere, exilio, soños ou a propia escritura, os libros e a palabra; a súa visión da vida, onde se adiviñan trens e ventás.

A danza de Jon Maya como linguaxe principal do espectáculo, as belas imaxes de David Bernués e a música de Iñaki Salvador viaxan xuntas no escenario, comunicándose e apoiándose entre si.

Adulto | Danza | 55 minutos

MARTES 14 | 21 H | TEATRO PRINCIPAL





KUKAI-TANTTAKA (Euscadi)

Tel.: 946 816 743

jpproducciones@jpproducciones.com

www.jpproducciones.com

A compañía de Danza Kukai crea espectáculos a partir da danza tradicional vasca. Impulsa colaboracións e interaccións con outras disciplinas artísticas, outros estilos de danza e outros modos de entender a arte. Kukai parte da danza tradicional vasca para crear espectáculos contemporáneos.

Comezou a súa andaina no ano 2001, coa presentación da coreografía *Deiadarra*. Un ano máis tarde iniciou a súa colaboración con Tanttaka Teatroa.

Kukai-Tanttaka é unha maridaxe de gran calado que deixou espectáculos tan salientables como: *1937, por las sendas del recuerdo* (2002), *Otehitzari Birakí* (2005) e *Hnuy illa...* (2008), espectáculos que acadaron un grande éxito no País Vasco. Ademais de realizar un elevado número de funcións, o espectáculo *1937, por las sendas del recuerdo* foi galardoado co Premio Donostia de Teatro no ano 2003 e tamén se presentou en países como Arxentina, Chile, Uruguai, Venezuela, Colombia, Estados Unidos e Inglaterra.

Drákula



COMPANHIA DO CHAPITÔ (Portugal)

Autor: Creación colectiva | Dirección: John Mowat

Escenografía: Nuno Simão | Son: Rui Rebelo

Iluminación: Paulo Cunha, Jochen Pasternacki

Vestuario: Creación colectiva

Elenco: Jorge Cruz, José Carlos García, Tiago Viegas

O doutor Jonathan Harker, un célebre dentista inglés, é chamado con urxencia a Transilvania. Ao chegar ao castelo do seu cliente atópase cunha ampla variedade de enfermidades e estraños hábitos de dieta e hixiene oral.

Ao seu regreso a Londres, acontecen incidentes aínda máis perturbadores: o conde non consegue abandonar os seus hábitos perversos nin a súa particular preferencia por certos grupos sanguíneos. Nada parece detelo. Sen outra alternativa, o doutor Harker pídelles axuda ao seu colega e amigo o profesor Van Helsing, o gran vampirólogo. Entre a positivo e RH negativo, ten lugar o romance, o suspenso e o drama nas rúas sombrías de Londres; o renacemento do afamado Conde Drácula, para recuperar unha dentadura que non resistiu ao paso dos séculos; o mito no seu sentido máis vampiresco.



Adulto | Teatro de actor | 90 minutos

MARTES 14 | 23.30 H | SALÓN TEATRO



COMPANHIA DO CHAPITÔ (Portugal)

Tel.: 00 351 958 222 746

histrion@moebius.es

A Companhia do Chapitô nasce en 1996, desenvolvendo desde ese momento unha linguaxe artística propia. Desde que foi fundada, baixo a dirección de José Carlos García, busca un teatro que convide a reflexionar sobre a experiencia humana e amplíe a súa participación, un traballo colectivo en movemento e en íntima relación, onde os elementos vocais, instrumentais, xestuais, rítmicos e plásticos se encontren ao mesmo nivel que a linguaxe verbal. Valorizan formas que revelen a creatividade e o optimismo humano, de aí a súa vocación para a comedia, que responde a esa capacidade humana para entender os aspectos máis insólitos da realidade física e social. O propósito da compañía é crear e comunicar un teatro dos sentidos, que sintetice as diversas artes, de provocación e compromiso co presente; unha arte centrada no actor e no xogo entre este e o público, afirmando a súa vocación universal.

Desde 1996 produciu 25 creacións orixinais.

Boas noites

BERROBAMBÁN

Autora: Paula Carballeira | Dirección: Jorge Padín

Adaptación: Paula Carballeira | Escenografía: Cris F., Marta Z.

Son: Hevi | Iluminación: Fidel Vázquez

Vestuario: Mercedes Torres "Isi"

Música: Manolo Panforretero

Elenco: Anabell Gago, Chiqui Pereira, Paula Carballeira,
Pili Alonso, Manolo Panforretero

Para poder durmir ben tes que acabar cos teus medos; iso sábeo de sobra Pedro Chosco, que é quen nos trae o sono cada noite. Xiana, pola contra, só pensa en atopar algo de tempo para xogar. Polo día, o pai e a nai de Xiana queren que a súa filla faga unha chea de cousas, pero pola noite é libre para deixar voar a imaxinación. Cando Xiana topa con Pedro Chosco descubrimos que a noite garda tamén os misterios que non se atreven a asomar á luz do día. Debes telo conta, porque, se non dormes, saberás que algo se agocha entre as sombras.

Obra gañadora do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil convocado polo IGAEM, cuxo xurado destacou os áxiles diálogos, a orixinalidade na elección do tema –o estrés infantil– e un argumento contemporáneo abordado seguindo a tradición fantástica galega.

Familiar | Teatro de actor | 75 minutos

MÉRCORES 15 | 10.30 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)





BERROBAMBÁN

Tel.: 981 573 626 / 695 929 262

distribucion@berrobamban.com

www.berrobamban.com

Berrobambán é a compañía galega con maior traxectoria en teatro infantil de actores. Presentou para o público infantil os espectáculos: *Diariamente* (2000), co que asistiu ao XIV ASSITEJ Festival & Congress en Seúl, e co que realizou máis de 30 funcións, en 2005, por Canadá; *Dous contos sen final e un final por fin* (2001); *Movementos para trasnos e trastes* (2002), con 16 músicos de diferentes países; e en 2006 o CDG encárgalles a membros de Berrobambán *A cabana de Babaigá*.

A compañía abre unha liña de traballo orientada ao público adulto con obras como *NdC* (2001) a partir de textos de Rodrigo García, ou o espectáculo de cabaré *Vendetta*, estreado en 2004. Berrobambán puxo en marcha a primeira programación estable de teatro familiar en Galicia *Asteroide B-612*, que se desenvolveu en Santiago e Ferrol. Tamén levou adiante *Circo-Lar*, a programación familiar do proxecto *A cultura circula*, no ano 2006. En novembro de 2007 estrea *Boas noites*, espectáculo que xa viron 7.455 persoas en Galicia e que foi seleccionado para a FETÉN 08.

Polgariño

ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5

Autores: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro

Dirección: Manuel Pombal

Escenografía: Suso Montero, Artello Teatro Alla Scala 1:5

Iluminación: Luís Lago, Santiago Montenegro

Vestuario: Suso Montero, Artello Teatro Alla Scala 1:5

Composición musical: Ramón Souto | Saxofón: Julio Álvarez

Elenco: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro

Na pequena cabana do bosque onde vive unha familia de leñadores avécíñanse dificultades: unha enfermidade impídelle ao pai ir traballar.

Os pais queren manter os seus cinco fillos alleos a esta situación, mais Polgariño, o máis pequeno, é observador e advirte as desgrazas que ameazan os seus.

Malia ser cativo en tamaño, Polgariño non o é de vontade. Por iso é quen de convencer os seus irmáns de que, indo todos xuntos e empregando a intelixencia, poderán axudar aos seus pais, aínda que para iso teñan que meterse sos no bosque e facerlles fronte aos perigos que entraña.

Infantil, de 3 a 7 anos | Teatro de monicreques | 50 minutos
MÉRCORES 15 | 12.30 H | ARTERIA NOROESTE-SGAE





ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5

Tel.: 981 534 134 / 679 449 970

artello@artello.com, emedous@emedous.com

www.artello.com, www.emedous.com

A compañía Artello foi fundada en Vigo en 1978. Desde ese ano realizou un total de 17 espectáculos, mantendo como base do seu traballo a creación colectiva. Ademais, en 1994, baixo a dirección de Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, inicia unha liña de investigación na mestura de obxectos, actores, sombras, etc. nas súas propostas. Froito desta liña de traballo son os espectáculos *A do libro* (1995), *Unha de amor* (1999), *Amadís de Algueres* (2002), *De fábula* (2005), que veñen participando nos festivais, feiras, redes e programacións máis importantes do sector. Os dous primeiros recibiron o Premio á Mellor Posta en Escena en FETEM (Xixón) e á Mellor Estética no Festival Internacional de Albaida (Valencia) respectivamente.

Ademais de *Polgariño*, na actualidade a compañía mantén en cartel *Unha de amor*, *Amadís de Algueres* e *De fábula*.

PeriFeria

VOADORA

Autores: Marta Freitas, Manuel Cortés,
Carlos Santiago, Voadora

Dirección: Montse Triola Escenografía: Marta Pazos

Iluminación: Afonso Castro Vestuario: Fany Bell

Música: Hugo Torres, José Díaz

Elenco: Marta Pazos, Hugo Torres, José Díaz, Afonso Castro

PeriFeria é a primeira entrega da triloxía *Lugares comúns* —o fracaso, o esquecemento e o paraíso—, así como o despegue de Voadora como plataforma de creación escénica.

PeriFeria propón unha reflexión sobre o fracaso utilizando como pretexto dramático a festa. Unha festa coas súas dúas caras, que se ocultan e superpoñen continuamente nun xogo divertido para uns e perverso para outros. Non hai alegría sen perigo de dor, e na mesma festa onde uns se atopan e se aman, outros sepáranse e sofren.

Sobre o escenario, o actor, a actriz, o técnico e o produtor fan visible o invisible, poñendo luz sobre os espazos periféricos dun espectáculo, recreando un guateque sen fronteiras, cun sentido do humor entre o paródico e o sarcástico.

PeriFeria instala unha atmosfera chea de poesía e decadencia na que os intérpretes oscilan entre unha relación directa co público e unha realidade puramente teatral.

PeriFeria é escrita por autores galegos e portugueses. Os textos son interpretados na lingua orixinal en que foron escritos (portugués-galego-castelán), feito que dá lugar a unha experiencia babélica.

O proceso creativo tamén se produce en dúas fases de residencia artística: unha no Novo Ciclo-ACERT en Tondela (Portugal) e outra en Santiago de Compostela, co apoio do Centro Dramático Galego.

No Ano Europeo do Diálogo Intercultural, a Fundación Euromediterránea Anna Lindh para o Diálogo Intercultural escolleu o espectáculo *PeriFeria* para formar parte da campaña europea “1001 Actions for Dialogue”.



Adulto | Teatro de actor | 75 minutos

MÉRCORES 15 | 19 H | SALA NASA



VOADORA

Tel.: 687 473 994 / 676 891 508

voadoraplataforma@gmail.com

Coordinada polo actor-músico portugués Hugo Torres e a actriz-directora-artista plástica galega Marta Pazos, Voadora xorde no verán de 2007, por unha parte, da necesidade de crear un espazo móbil de novos sentidos e linguaxes para a escena e, por outra, da vontade de potenciar a creación artística e o intercambio cultural entre creadores da área lusófona.

Voadora ten como obxectivos: formular o proceso creativo como eixo xerador de novas dramaturxias; profundar no feito performativo en si, o teatro como espazo contaminado no que se confunden realidade e ficción, intérpretes e persoas; provocar o entusiasmo a través do humor, a música en directo e as accións; destacar a importancia do espontáneo, do casual, do insignificante, do desapercibido; propoñer a comunicación co espectador dunha maneira directa facéndoo partícipe total do evento.

Como plataforma de creación, Voadora acolle propostas que utilizan a multidiscipliniedade de linguaxes e conxugan as diferentes sensibilidades da paisaxe escénica actual. O equipo, formado por mozos e mozas creadores de diversas áreas artísticas, traballa na xestión de proxectos escénicos baseados na experimentación, o xogo e a busca de novas linguaxes.

A primeira proposta de Voadora é a triloxía *Lugares comúns* —o fracaso, o esquecemento e o paraíso—. Tras *PeriFeria* —o fracaso—, estreada en febreiro de 2008, están preparando a segunda entrega da triloxía, *Super8* (o esquecemento).

E ti, quen vés sendo?

TALÍA TEATRO

Autor: Cándido Pazó | Dirección: Cándido Pazó

Escenografía: Carlos Alonso | Iluminación: Alfonso Castro

Vestuario: Carlos Alonso, Belén G. Pichel

Elenco: Toño Casais, David Creus, María Ordóñez,
Dani Trillo, Gustavo G. Dieste, Artur Trillo, Marta Ríos,
Rosi Barcala, Diego Rey, Xurxo Barcala

Un fato de “persoas sen teito” vai representar unha versión do *Anfitrión* de Plauto nun festival organizado nun albergue de acollida. Por un desencontro coa dirección da institución asistencial, deciden seguir os ensaios pola súa conta. Reunidos no lugar en que se acochan diariamente, o soto dun edificio en construción abandonado, o proceso da montaxe da célebre comedia plautina acaba derivando por insospeitados camiños.

Adulto | Teatro de actor | 83 minutos
MÉRCORES 15 | 21 H | TEATRO PRINCIPAL



TALÍA TEATRO

Tel.: 981 943 242 / 630 877 153

info@taliateatro.es

www.taliateatro.es

Pasaron xa 20 anos desde que iniciaron a súa andaina no mundo do teatro. Neste tempo levaron a escena 25 montaxes. As súas últimas producións son espectáculos de gran formato, non no relativo á escenografía senón polo amplo elenco artístico, que ademais é persoal estable da compañía.



Unha primavera para Aldara

TEATRO DO ATLÁNTICO

Autora: Teresa Moure | Dirección: Xúlio Lago

Escenografía: Carlos Alonso | Iluminación: Xúlio Lago

Vestuario: Carlos Alonso

Elenco: Amparo Malo, Lucía Regueiro, María Bouzas, María Barcala, Pilar Pereira, Marcos Correa, Belén Constenla, Josi Lage, Agustín Vega, Xoán Carlos Mejuto

A acción de *Unha primavera para Aldara* sitúase no interior dun mosteiro feminino, na Galicia do século XV; un espazo —o do convento— e un tempo histórico —o medievo— con gran capacidade de suxestión. No exterior estoupa a Revolta Irmandiña contra os abusos dos nobres feudais; no interior, as monxas están a pasar por un momento difícil no que atinxe á súa subsistencia.

Ao convento chega un cabaleiro irmandiño ferido gravemente na batalla e necesitado de refuxio e de coidados para sandar. As regras non permiten a presenza masculina no mosteiro, pero as monxas deciden poñer por diante a misericordia e acoller o forasteiro ata que se vexa curado das súas feridas... Mais toda decisión arrastra consecuencias.

Adulto | Teatro de actor | 120 minutos
MÉRCORES 15 | 23.30 H | SALÓN TEATRO





TEATRO DO ATLÁNTICO

Tel.: 608 380 471 / 618 256 424

teatrodoatlantico@yahoo.es

A compañía constitúese no ano 1985 e leva realizadas ata o momento 24 producións, entre as que figuran *Casa de bonecas*, *A noite das tréboas*, *Solo para Paquita*, *O cerco de Leningrado*, *O encoro* ou *A raíña da beleza de Leenane*. Realizou xiras por case todas as comunidades autónomas e participou en numerosos festivais nacionais e internacionais (Iberoamericano de Cádiz, FITEI do Porto, Latinoamericano de Córdoba –Arxentina–, Internacional de Caracas, Internacional de Ribadavia, FESTEIXO de Viana do Castelo, Teatro Cómico e Festivo de Cangas, Mostra de Cee, Muestra de las Autonomías “Villa de Madrid” ou FIT de Carballo), presentando os seus espectáculos sempre en lingua galega.

María Barcala, Casilda García, Susana Dans e Gonzalo Uriarte foron premios de Interpretación en papel de protagonista con esta compañía. Tamén foi premiada varias veces por Dirección (Xúlio Lago), Escenografía (Antonio F. Simón), Actor Secundario (Toño Casais) ou Mellor Espectáculo.

Inicia agora a súa vixésimo cuarta temporada.

¿Por qué lloras, Marie?

MARIE DE JONGH (Euscadi)

Autor: Jokin Oregi | Dirección: Jokin Oregi

Escenografía: Javier Tirado | Iluminación: Iñaki García

Vestuario: Mayda Zabala | Música: Santiago Ramos

Elenco: Javier Renobales, Ana Meabe

Marie non pode durmir.

Marie é mala.

Marie é un bebé.

Hai que apartala dos outros nenos.

Ten medo.

A súa nai explicoulle que uns monstros entrarán

[pola ventá do seu cuarto e que a levarán con eles.

Marie non pode durmir.

Os monstros son malos.

Comen os bebés que choran.

Infantil, de 7 a 12 anos | Teatro de monicreques | 55 minutos

XOVES 16 | 10.30 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)



MARIE DE JONGH (Euscadi)

Tel.: 946 816 743

jpproducciones@jpproducciones.com

www.jpproducciones.com

Marie de Jongh é unha compañía vasca dirixida a público familiar que se creou recentemente, aínda que os seus compoñentes teñen unha contrastada experiencia no mundo teatral. Jokin Oregi, director da compañía, acumula xa varios premios, entre os que cabe destacar os conseguidos en Feten. En 2004 gañou o Premio ao Mellor Director polo seu traballo *Jim, en la isla del tesoro*, para a compañía Gorakada; en 2006 recibiu o Premio ao Mellor Espectáculo, así como á Mellor Dramaturxia, por *Robin y Hood*, tamén de Gorakada; e, finalmente, en 2008, con *¿Por qué lloras, Marie?*, de Marie de Jongh, conseguiu o Premio ao Mellor Espectáculo. Pola súa parte, Ana Meabe, actriz da compañía e cocreadora desta, tamén acumula premios á mellor interpretación polos seus traballos en Markeliñe, así como un premio Max por *La vuelta al mundo en 80 cajas*, de Markeliñe.

Típico tópico

TÍTERES CACHIRULO

Autor: Jorge Rey Dirección: Jorge Rey

Escenografía: Títeres Cachirulo Son: Alfredo Padilla

Iluminación: Daniel Casquero Vestuario: Carmen Domech

Música: Marcelo Manuel González, Alfredo Padilla,
Marcos Teira

Elenco: Jorge Rey, Carmen Domech

Un heroe, O Quixote, e o seu escudeiro Sancho conseguen (ante o asombro do público) escapar das imaxes planas dun informativo sobre as excelencias turísticas da península dos anos 60 (NO-DO). Recobrando o pulso vital fóra da pantalla, o noso cabaleiro andante sae decidido a enfrontarse a unha nova aventura. Canso de tanto alarde de sol, praia, paella e tinto de verán, dirixe a súa espada na defensa de Dulcineas doentes baixo o temor de que un touro bravo lles desfaga o mozo pola area da praza.

Infantil, de 7 a 12 anos | Teatro de monicreques | 55 minutos
XOVES 16 | 12.30 H | ARTERIA NOROESTE-SGAE



TÍTERES CACHIRULO

Tel.: 981 801 237 / 605 880 858

cachirulo@titerescachirulo.com

www.titerescachirulo.com

A Compañía de Títeres Cachirulo nace no ano 1986 en Santiago de Compostela, e representa o seu primeiro espectáculo no transcurso da I Mostra da Literatura Infantil e Xuvenil, realizada en Santiago de Compostela no mes de xaneiro de 1986.

Desde os seus inicios, o grupo Cachirulo realizou obras de carácter humorístico orientadas a unha comunicación directa dos nenos e nenas cos monicreques. Estas montaxes tiveron unha cálida acollida por parte do público, que axiña converteu a Cachirulo nun grupo emblemático no panorama teatral de Galicia.

Nos últimos anos, Cachirulo está dando a coñecer o seu traballo máis alá das fronteiras galegas, levando o seu teatro de monicreques a diferentes mostras e festivais fundamentalmente de Europa e América Latina.

7 contos capitais

(Historias para
pícaros adultos)

OS MONICREQUES DE KUKAS

Autor: Marcelino de Santiago | Dirección: Isabel Rei Pousada

Axudante de dirección: Gena Baamonde

Marionetas e escenografía: Kukas, Seara, Carlos Portomeñe,
X.M. Botana

Iluminación: Marcelino de Santiago

Elenco: Kukas, Mario Tomás López, Borja Insua,
Raquel Queizás

A proposta escénica de *7 contos capitais* (*Historias para pícaros adultos*) parte dun texto de Marcelino de Santiago (Kukas) que, tomando como fonte de inspiración os pecados capitais, conta varias historias nas que a avaricia, a luxuria, a preguiza, a envexa, a luxuria, a soberbia ou a ira dos personaxes se van entrelazando, ofrecéndonos unha visión satírica e grotesca destes e coa que reflexiona sobre as miserias e debilidades humanas, sempre desde un punto de vista de humor ácido, co que recuperamos un dos aspectos máis tradicionais do teatro con marionetas, o seu carácter de crítica e sátira social.

Adulto | Teatro de monicreques | 60 minutos

XOVES 16 | 16 H | SALA NASA



OS MONICREQUES DE KUKAS

Tel.: 981 562 734 / 609 884 630

monicreques@mundo-r.com

www.kukas.biocultural.net

O 4 de marzo de 1979, Marcelino de Santiago e Isabel Rei crean Os Monicreques de Kukas, a compañía de marionetas máis antiga de Galicia. En 30 anos producen 40 espectáculos e fan miles de representacións. En 1994 Kukas dirixe *O Mariscal*, producida polo CDG. En 1995 o Parque Temático dos Pobos de España de Kintsetsu en Xapón encárgalles 6 marionetas. En 1997 o IGAEM encárgalles *Unha noite no Pórtico do Paraíso*. Nese mesmo ano Kukas é homenaxeado polo seu traballo polo Centro de Documentación de Títeres de Bilbao. En 1999 celebran o XX aniversario cunha exposición no Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago. Desde o ano 2001 colaboran coa Real Filharmonía na montaxe de musicais como *O retablo de Maese Pedro* e *O Carnaval dos animais*, dirixidos por Antoni Ros Marbá, ou *San Nicolás*, dirixida por Maximino Zumalave. En 2004 o IGAEM encárgalles *Galiza máxica* polo seu 25 aniversario. En 2006 a Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais encárgalles a *Doncela guerreira*, de Dieste, en homenaxe ás Misións Pedagóxicas.



Sono silente

BSTUDIO DANZA

Dirección e coreografía: Dolores Mayán

Escenografía: Dolores Mayán Iluminación: Santiago Mañasco

Vestuario: Dolores Mayán Música: Varios autores

Intérpretes: Emilia Pardo, Vanessa Otero, Natalia Iglesias,
Celia Mayer

Sono silente é unha obra de danza-teatro de mediano formato e para todos os públicos.

Inspirada no cine silente dos anos 20 e 30, toma como referente a imaxe potente da actriz Louise Brooks e dous dos seus filmes máis coñecidos: *The Canary Murder Case* e *Pandora's Box*.

A ausencia da palabra, a forza da imaxe, o valor da mirada e a linguaxe corporal e xestual coinciden, en gran medida, coa visión plástica e poética das obras de BStudio Danza.

Unha análise da imaxe estereotipada da muller no discurso cinematográfico da época, para describir e clasificar os roles que se lles asignaban aos papeis femininos. O obxecto deste proceso é cuestionar o sentido da muller, ben sexa como figura dentro da pantalla, ben sexa como creadora fóra dela.

Adulto | Danza | 50 minutos

XOVES 16 | 18 H | TEATRO GALÁN





BSTUDIO DANZA

Tel.: 981 575 825 / 676 256 788

mayan@bstudiodanza.com

www.bstudiodanza.com

BStudio Danza é unha compañía de danza contemporánea (danza-teatro). Desde o ano 1998 crea nove espectáculos de danza. O seu obxectivo é desenvolver unha linguaxe persoal de “corpos reflexivos” que sirva para expresar emocións e sentimentos. Representa coreografías sociais, conta historias próximas ao público que esperten a súa curiosidade e reflexión dentro dunha plástica que penetre polos sentidos. A dramatización, a escenografía, o vestiario e a música amalgámanse coa danza para ir máis alá dun mero espectáculo de danza. Os tres últimos espectáculos xiran ao redor da muller e dos estereotipos de xénero.

Dáme veleno

SARABELA TEATRO

Autora: Ánxeles Cuña Bóveda

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda, Fernando Dacosta Pérez

Escenografía: Antonio Pereira | Son: Arturo González

Iluminación: Pedro Fresneda Martínez

Vestuario: Ruth Díaz Pereira

Elenco: Sabela Gago, Fina Calleja, Elena Seijo, Nate Borrajo,
Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Josito Porto

Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela desde o alén. Un dos seus netos vive coa indefinible sensación do desaxuste co mundo, mentres as súas tías teñen a tola esperanza de poderen axudar coas súas accións a facer máis levadeira a existencia dos infelices.

Unha parella de actores disposta a non deixar que lles arrebaten a súa paixón; outro neto perdido e recobrado; unha acompañante misteriosa, e un avogado a piques de perder o tren. Todos estes personaxes tecerán un novelo fantástico. *Dáme veleno* é unha obra para gozar das sorprendentes sensacións que nos invaden cando non sabemos o que nos espera detrás dunha porta ou cando tentamos atrapar a verdadeira natureza dun grupo de seres humanos no trebón da vida ao límite.

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos
XOVES 16 | 20.30 H | TEATRO PRINCIPAL





SARABELA TEATRO

Tel.: 629 860 580 / 639 891 774

sarablateatro@yahoo.es

www.sarablateatro.com

Desde a súa formación, Sarabela Teatro anda na procura de novas dramaturxias e linguaxes teatrais guiados polo compromiso co teatro, coa realidade que nos circunda, coa vida. Nestes anos, espectáculos como *A esmorga* (1996), *Tics* (1998), *O Lapis do carpinteiro* (2000), *Así que pasen cinco anos* (2003), *Macbeth* (2006) ou *Margar no pazo do tempo* (2007) foron conformando unha galería teatral e, por que non, sentimental chea de luz e agradecementos. Chegoulle a vez a *Dáme veneno*, unha aposta decidida e vital pola comunicación cos espectadores.

Aeroplanos



LAGARTA LAGARTA

Autor: Carlos Gorostiza | Dirección: Rosa Álvarez

Adaptación: Avelino González | Escenografía: Equipo Erro

Iluminación: Eduardo Alonso | Vestuario: Equipo Erro

Música: Rubén García (Espazo sonoro)

Elenco: Ernesto Chao, Xosé M. Olveira "Pico"

Aeroplanos é unha comedia de texto, de intriga, idealista, enxeñosa e de linguaxe sutil. Sabemos que rir é unha defensa contra a angustia e, de maneira moi xeral, a comedia é o lugar de todos os alivios posibles.

Aeroplanos é unha viaxe da vida, dun instante, dun segundo; unha viaxe onde o tempo, medible por un reloxo, non ten ningunha importancia; unha viaxe que ten un minuto, nada máis, pero este minuto... dentro... teno todo.

Adulto | Teatro de actor | 85 minutos

XOVES 16 | 23.30 H | SALÓN TEATRO





LAGARTA LAGARTA

Tel.: 609 432 252 / 675 950 956

lagartalagarta@hotmail.com

lagartalagartaproduccion@gmail.com

Lagarta lagarta é unha empresa de produción teatral nacida en 2001 que xorde da iniciativa de Ernesto Chao e Rosa Álvarez, dous actores de longa traxectoria profesional en Galicia.

Se tivéssemos que definir a Lagarta lagarta en poucas palabras, diríamos que é unha compañía de actores nacida co espírito de facer aqueles espectáculos e proxectos aos que moitos actores esperan e desexan enfrontarse, pero que por diversas circunstancias non se puideron levar a cabo no seu momento. É, polo tanto, unha compañía que pretende estar aberta a todas aquelas propostas interesantes que poidan xurdir. Este é un dos motivos polos que Lagarta lagarta non conta cun cadro de persoal fixo de profesionais (directores, actores, deseñadores, etc.), senón que en cada caso, en cada produción, se buscan os máis idóneos. *Cartas de amor*, *Fobias*, *Carambola* e *As últimas lúas* conforman as súas últimas producións.

Game over

CACHUZO

Autor: Carlos Losada Dirección: Carlos Losada

Adaptación: Carlos Losada Escenografía: nbek

Son: Ramón Raíndo Iluminación: Octavio Mas


Vestuario: La Canalla Música: Ramón Raíndo

Elenco: Laura Míguez, Silvia Cerneira, Pepa Yáñez,
Christian Escuredo, Daniel Méndez, Clara Gayo

Roi acende a videoconsola para botar outra partida co seu xogo favorito desde hai unhas semanas, a última versión dos superloitadores Mortal Combat versión 3.0. Pendente de chegar á gran final do xogo, nin atende a chamada do seu amigo Sebas nin a do seu pai, e ten unha boa liorta coa súa nai. Roi, a pesar de todo, xoga coa consola ata quedar durmido deixando a Ken, o personaxe do seu videoxogo favorito, perdido baixo as letras vermellas de “Game over”. Roi emprende así a viaxe ao seu país das marabillas e dos seus medos. *Game over*, de Carlos Losada, obtivo o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2007. O xurado do certame salientou o interese do tema central da peza, o illamento a que se someten na actualidade os pequenos enganchados ao mundo das pantallas.

Infantil, de 7 a 12 anos | Teatro de actor | 60 minutos

VENRES 17 | 10.30 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)





CACHUZO

Tel.: 654 867 554 / 656 193 568

calaco@nbek.org

www.nbek.org

Carlos Losada e Rubén Ruibal fundaron no ano 2000 a compañía teatral caChuzo, coa que estrearon o seu texto conxunto *Fume*. No ano 2003 levan a escena *Insomnio*, escrita por Rubén Ruibal e baixo a dirección de Carlos Losada. E no ano 2005 estrean *Charlie's angels' sex*, de Begoña Ferreira e Eva Gontad.

Tradicción

NOVA GALEGA DE DANZA

Autores: Vicente Colomer, Jaime Pablo Díaz

Dirección: Vicente Colomer, Jaime Pablo Díaz

Escenografía: Stefanie Pasterkamp

Deseño de son: Pachi Baldomir

Iluminación: Antón Cabado, Stefanie Pasterkamp

Vestuario: Stefanie Pasterkamp

Música: Pedro Lamas, tradicional e popular de Galicia

Músicos do directo: Pedro Lamas (saxo e gaita), Xabier Díaz (voz e percusión), Suso Iglesias (acordeón), Ricardo Rozas (guitarra), Miguel Queixas (percusión), Juan Collazo Quinteiro (vibráfono)

Corpo de baile: Lorena Ballesteros, Emma Cabañas, Alba Vázquez, Laura García-Vera, Iván Villar, Vicente Colomer, Jaime Pablo Díaz

Despois de dous espectáculos nos que NGD sorprendeu o público cunha nova linguaxe, coreográfica e musical, descoñecida para el, agora con *Tradicción* pretendemos sorprendelo de novo utilizando, desta volta, os elementos que conforman o seu propio imaxinario colectivo.

A reinterpretación da tradición é un motivo recorrente ata a saciedade nas propostas artísticas do país, pero por esa mesma razón consideramos un reto reinventar a perspectiva coa que se aborda. Máis aínda cando a nosa experiencia nos amosa que eses elementos son os que máis fan aumentar a presión arterial e o pulso cardíaco do espectador.

Para iso, cómpre enfocar o traballo desde un punto de vista radical, indo á raíz, á danza prima, evitando ao máximo as deturpacións folcloristas.

Adulto | Danza | 80 minutos

VENRES 17 | 12 H | SALA ÁNGEL BRAGE (AUDITORIO DE GALICIA)





NOVA GALEGA DE DANZA

Tel.: 881 895 647 / 661 427 809

info@novagalegadedanza.com

www.novagalegadedanza.com

NGD comeza a súa traxectoria coa estrea de *Alento*, o seu primeiro espectáculo, no Teatro de Madrid (La Vaguada) en 2003. Fusióna en vivo danza e música de raíz galega, inaugurando así un novo xeito de concibir a danza e a música realizadas en Galicia, sendo finalistas dos Premios Max. No ano 2006 estréase *Engado*, afondando máis, se cabe, no proceso de fusión e recreación, onde seis músicos e cinco bailaríns saen a escena co propósito de tecer nela todo o seu mundo de ilusións, ofrecendo un espectáculo cheo de enerxía e frescura.

En setembro de 2008 estréase o seu terceiro traballo, *Tradicción*. Esta nova produción sitúa NGD nun punto e seguido; é unha experiencia que temos que vivir para seguir medrando, experiencia que nos está a levar por músicas tradicionais, en moitos casos inéditas, cribadas pola contemporaneidade, e danzas creadas a partir de movementos e pasos moi primarios que nos axudarán a expresarnos con orixinalidade sen perder o contacto coa nosa raíz.

Pacama

KATARSIS, EDUCACIÓN-TEATRO

Autores: Kevin Stewart, Carolina Ramos

Dirección: Omar Álvarez, Kevin Stewart

Adaptación: Katarsis, Educación e Teatro

Escenografía: Katarsis, Juan Carlos Guerra

Iluminación: Tatiana Fernández

Vestuario: Katarsis, Juan Carlos Guerra

Música: Manuel Conde | Elenco: Kevin Stewart, Pablo Sánchez

Pacama é unha exploración de xogos entre dous amigos que antes de durmir descubren un mundo de aventuras que os distrae do sono. A súa predisposición e inxenuidade lévaos a atopar diversión no máis sinxelo, en todo o que os rodea, no marco dun ambiente tan acolledor como un dormitorio. Un xogo leva a outro, desde unha pelota ata unhas almofadas que fan de ás para voar, pasando polas sabas axitándose no aire, a toalla enrolándose e desenrolándose, a luz apagándose e acendéndose, e uns pequenos monicreques en forma de ollos que se bican.

Infantil, ata 3 anos | Teatro de actor | 30 minutos

VENRES 17 | 16 H | ARTERIA NOROESTE-SGAE



KATARSIS, EDUCACIÓN-TEATRO

Tel.: 881 873 686 / 610 804 595

info@katarsiseyt.com

www.katarsiseyt.com

Fundada no ano 2006, Katarsis ofrece actividades educativas de carácter teatral, á vez que produce, distribúe e representa espectáculos teatrais para público infantil e familiar.

Representante en España da compañía arxentina Omar Álvarez Títeres, Katarsis fai un labor educativo en centros escolares por toda Galicia e imparte obradoiros de formación a mestres e artistas, en colaboración coa Xunta de Galicia, a AS-PG, a Universidade de Santiago de Compostela ou por vía independente. Na súa colaboración co Concello da Coruña, Katarsis levará o proxecto escolar e cultural *Vivir o teatro*, vinculado á programación de Todo Público. Tamén coordina en Vigo o festival “Espertamos ás Artes”, presentado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza. En abril de 2008 presenta a súa primeira produción propia: *Pacama*, apoiado por Small Size, a Asociación Europea das Artes Escénicas para a Primeira Infancia. Proximamente *Pacama* participará en festivais en Madrid, Lugo, Vitoria, Boloña e Milán.

O club da calceta

TEATRO DO MORCEGO

Autora: María Reimóndez | Dirección: Celso Parada

Adaptación: Celso Parada, María Reimóndez

Coreografía: Olga Cameselle

Escenografía: Pablo Giráldez "Pastor"

Son: Anxo Graña | Iluminación: Octavio Mas

Vestuario: La Canalla | Música: Anxo Graña

Elenco: Estíbaliz Espinosa, Susana Dans, Laura Ponte,
Maxo Barjas, Elina Luaces, Luisa Merelas, Inma António

Seis mulleres moi diferentes entre si acoden a clases de calceta, un lugar onde converxen as súas frustracións pero, tamén, un lugar onde toman conciencia da súa situación e da necesidade de superala. A través dun espazo tan tradicionalmente feminino como a calceta, estas mulleres atopan no valor da unidade a forza para sobrepoñerse a un presente que as nega ou infravalora. Desde a intriga e a hilaridade, emerxe unha profunda reflexión e revisión sobre a condición feminina. Inspiradas na figura liberadora da tía Davinia, Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda van facéndonos partícipes da súa historia desde un multiperspectivismo que desfai os fíos dunha sociedade machista.

Adulto | Teatro de actor | 100 minutos

VENRES 17 | 17.30 H | SALA NASA



TEATRO DO MORCEGO

Tel.: 986 391 007 / 696 416 401

morcego@teleline.es

Compañía fundada no ano 1989 polo actor e director Celso Parada e mais por Isabel Ávila. Mantén a súa actividade ininterrompida desde entón e recibe premios como os Compostela por *Misterio cómico* e *Doberman* ou o María Casares por *Lazariño de Tormes*, ademais de ser finalista en varias ocasións. Realizou importantes montaxes como: *O burgués fidalgo*, de Molière; *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao; *A gran ilusión*, de Eduardo de Filippo; *Morte accidental dun anarquista*, de Dario Fo...



Bailadela da morte ditosa

TEATRO DE NINGURES

Autor: Roberto Vidal Bolaño | Dirección: Etelvino Vázquez

Escenografía: Pablo Giráldez "Pastor"

Iluminación: Etelvino Vázquez | Vestuario: Carlos Alonso

Música: Anxo Graña

Elenco: Fran Paredes, Sonia Rúa, Mónica Camaño,
Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Salvador del Río,
Casilda García

Bailadela da morte ditosa preséntanos seis encontros coa morte noutros tantos cadros. Encontros procurados sempre polos personaxes e por diferentes motivos: adiantar a propia morte para fuxir do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou acabar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa andado. E Roberto Vidal Bolaño píntanos eses cadros coas súas pinceladas características: unha linguaxe áxil e poderosa, uns personaxes trazados con gran profundidade e un achegamento ao tema —a morte buscada, a “ditosa”— sen estridencias, con gran naturalidade, como sempre se tratou na nosa cultura e desde o noso imaxinario. Malia o seu título, as bailadelas da morte ditosa son un canto á vida: á vida digna, ao amor, á liberdade.

Adulto | Teatro de actor | 100 minutos

VENRES 17 | 20 H | SALÓN TEATRO



TEATRO DE NINGURES

Tel.: 986 313 934 / 654 464 360

teatrodeningures@hotmail.com

www.teatrodeningures.com

Despois de máis de 20 anos de actividade teatral profesional, Teatro de Ningures (fundada en 1986) reúne unha serie de recursos humanos, técnicos e materiais que fan desta compañía unha das máis estables de Galicia e un punto de encontro imprescindible para os profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego. Ao longo desta traxectoria levaron aos escenarios 22 montaxes teatrais, tanto de autores clásicos como contemporáneos, de autores galegos ou estranxeiros, así como versións/ adaptacións de novelas, contribuíndo deste xeito ao enriquecemento do teatro galego. Estivo presente desde a súa fundación na maioría dos concellos galegos por medio da rede de teatros e dos circuítos teatrais ou en campañas de captación de público escolar, así como en numerosos festivais e xornadas teatrais de Galicia e do resto de España e Portugal.





Colaboran:

